



Á ATENCIÓN DOS PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO DE 6º

De acordo co establecido na Orde da Consellería de educación e Ordenación Universitaria do 12 de marzo de 2013 e na Orde do 25 de xaneiro de 2017 que modifica a anterior, pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos, comunicámoslle o seguinte:

1. Aos efectos da continuidade de estudos do actual alumnado de 6º curso que promocióne á etapa de Educación Secundaria Obligatoria (ESO), este centro está adscrito ó IES Afonso X O Sabio de A Barcala.
2. A circunstancia de estar este centro adscrito ó citado IES supón que, no caso de non existir nel prazas suficientes, o noso alumnado ten prioridade de admisión sobre o que proceda doutros centros non adscritos.
3. As familias que no vindeiro curso 2020-2021 desexen que os/as seus/súas fillos/as cursen os estudos no referido instituto deberán entregar no noso centro, **entre o 1 e o 17 de febreiro**, o modelo de solicitude que se pode recoller en secretaría (anexo I da Orde do 25 de xaneiro de 2017). Este proceso pode realizarse tamén a través da aplicación admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>), premendo en solicitudes-reserva de prazas-crear solicitude. Unha vez cumprimentada deberá confirmar borrador e xerar. Despois poden imprimila e presentala na secretaría do CEIP Portofaro para o seu rexistro e traslado ao IES ou presentala na SEDE ELECTRÓNICA. Asimesmo poderán consultar o estado de tramitación da súa solicitude no mesmo enderezo.
4. Antes do 1 de marzo comunicárase nos taboleiros de anuncios do IES Afonso X e no do CEIP Portofaro se hai máis solicitudes que prazas ofertadas porque, nese caso, entre o 1 e o 21 de marzo terían que presentar a solicitude de admisión (outro impreso) no propio IES. Se non é así, e hai menos solicitudes que prazas, a reserva presentada agora ten xa carácter vinculante e non hai que facer máis ata a formalización de matrícula (xuño). Se despois de feita a reserva, alguén cambia de opinión e quere presentar solicitude noutro centro de secundaria, debe renunciar á reserva no IES Afonso X antes do 1 de marzo
5. O alumnado do 6º curso deste centro que, de acordo co dito anteriormente, non faga no prazo establecido a reserva de praza correspondente, deberá participar no proceso xeral de admisión como se fose alumno novo, debendo presentar cumprimentado no IES da súa preferencia, **do 1 ó 20 de marzo**, o documento que se publica como anexo II na Orde do 12 de marzo, modelo de impreso que se pode retirar neste centro.

En calquera caso, en xuño terá que formalizar matrícula no centro que fose admitido/a.

O Temple, 30 de xaneiro de 2020

O Director
Antonio Gil Gómez

ACUSE DE RECIBO

D./Dna. pai/nai do/a alumno/a
.....está informado/a da circular referente
á reserva de praza para o curso 2020-2021.

O Temple, de de 2020

Asdo.